



Guía Docente				
Datos Identificativos			2013/14	
Asignatura (*)	Teoría e crítica nos estudos literarios	Código	613484001	
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuadrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Profesorado	Rodriguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Aproximación a algunos enfoques teóricos y críticos en los estudios literarios.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes.	AM1		
Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.	AM2		
Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.	AM4		
Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.	AM6		
Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cinema, as artes, no marco da diversidade cultural.	AM7		
Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.	AM13		
Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador.		BM4	
Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.		BM5	
Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico.		BM7	
Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		BM9	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			CM1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			CM3
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A teoría da literatura	1.1. O lugar da teoría nos estudos literarios 1.2. Panorama histórico das principais correntes teóricas en Occidente 1.3. Actualidade da teoría literaria
2. A crítica literaria	2.1. O lugar da crítica nos estudos literarios 2.2. Funcións da crítica literaria 2.3. Métodos de análise de textos literarios



Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	7	0	7
Traballos tutelados	0	10	10
Presentación oral	3	0	3
Lecturas	0	18	18
Eventos científicos e/ou divulgativos	0	4	4
Actividades iniciais	1	0	1
Sesión maxistral	10	20	30
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Despois da consulta de fontes bibliográficas, discutirase na aula sobre algún tema que suscite debate.
Traballos tutelados	Traballo de crítica literaria sobre unha obra literaria, á elección do alumno, e a partir das ferramentas metodolóxicas que se darán a coñecer na aula.
Presentación oral	Serán expostos na aula os traballos de crítica literaria, indicando a lectura de fontes e explicando o proceso de elaboración.
Lecturas	A partir da bibliografía indicada, acordarase na aula a lectura de capítulos, artigos ou información na rede, para debater na aula.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Os estudantes estarán pendentes de acudir a conferencias, xornadas e actividades literarias que se desenvolvan na contorna, para relacionar os contidos do curso coa realidade literaria e cultural que nos arrodea.
Actividades iniciais	Destinarase un tempo ao inicio do curso para que os alumnos informen á docente das motivacións, preparacións e proxectos en relación coa súa presenza no Posgrao
Sesión maxistral	O docente exporá os contidos, explicará e aclarará as dúbidas que poidan presentar os alumnos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Os alumnos realizarán prácticas de crítica literaria con orientación persoal da profesora. A atención personalizada tamén se levará a cabo, con carácter xeral, no horario de tutorías.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	O traballo consistirá en elaborar a crítica dunha obra literaria	60
Presentación oral	Na aula farase unha exposición pública do proceso de elaboración da crítica literaria levada a cabo, aclarando metodoloxía	40

Observacións avaliación

 Os estudantes que se matriculen con dispensa académica, total ou parcial, deberán porse en contacto coa profesora, ao inicio da impartición da materia, para informarse do seu proceso de avaliación especial.

Os estudantes que non superen a materia de acordo coa avaliación continuada, deberán entregar na altura da segunda edición ordinaria, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Filoloxía, os traballos que foren solicitados, e superar tamén aquelas probas (orais e/ou escritas) marcadas polo profesorado responsable da materia.

Fontes de información



Bibliografía básica	- VILLANUEVA, Darío (comp.) (1994). Avances en Teoría de la Literatura. Santiago de Compostela: USC - WELLEK, René (1968). Conceptos de crítica literaria. Caracas: Universidad Central de Venezuela - CASAS, Arturo (coord.), (2004). Elementos de Crítica literaria. Vigo, Xerais - DOLEŽEL, Lubomír (1997). Historia breve de la Poética. Madrid: Síntesis - VIÑAS PIQUER, David (2002). Historia de la crítica literaria. Barcelona: Ariel - SELDEN, Ramón (ed.) (2010). Historia de la crítica literaria del siglo XX: del formalismo al postestructuralismo. Madrid: Akal - WELLEK, René (1959 e ss.). Historia de la crítica moderna (1750-1950), 7 vol.. Madrid: Gredos - ASENSI, Manuel (1998-2003). Historia de la teoría de la literatura. Valencia: Episteme - ANDERSON IMBERT, Enrique (1984). La crítica literaria: sus métodos y problemas. Madrid: Alianza - GÓMEZ REDONDO, Fernando (2010). Manual de Crítica literaria contemporánea. Madrid: Castalia - CABO ASEGUINOLA, Fernando, e María do Cebreiro Rábade Vilar (2006). Manual de Teoría de la Literatura. Madrid: Castalia - AULLÓN DE HARO, Pedro (ed.) (1994). Teoría de la crítica literaria. Madrid: Trotta - ELLIS, John M. (1987). Teoría de la crítica literaria. Análisis lógico. Madrid: Taurus - SILVA, Vítor Manuel de Aguiar e (2000). Teoria e metodologia literárias. Lisboa: Universidade Aberta - LLOVET, Jordi (2009/2012). Teoría literaria y literatura comparada. Barcelona: Ariel
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías